

4 sectores
productivos

4 ■ S E C T O R E S ■
P R O D U C T I V O S

A análise dos diferentes sectores productivos da economía galega realizada neste apartado partirá dos datos facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social, o Consello Galego de Relacións Laborais, o IGE, o ICEX e o sistema de información Ardán.

A estrutura de clasificación de actividades recollida nos **cadros 4.0.1., 4.0.2. e 4.0.3.** é a seguinte:

- 0: Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca; produción agrícola; produción gandeira; servizos agrícolas e gandeiros; caza e repoboación cinxética; silvicultura; pesca.

- 1: Enerxía e auga; preparación de combustibles; extracción de petróleo e gas natural; refino de petróleo; extracción e transformación de materiais radioactivos; enerxía eléctrica, gas, vapor e auga cal.; captación, depuración e distribución de auga.

- 2: Minerais non enerxéticos e industria química; extracción e preparación de minerais metálicos; produción e primeira transformación de metais; mine-

rais non metálicos nin enerxéticos; industrias minerais non metálicos; industria química.

- 3: Industria transf. metais mecánicos prec.; fabricación produtos metálicos; construción de maquinaria e equipamento mecánico; construción de máquinas de oficina e ordenadores; construción maquinaria e metais eléctricos; fabricación de material electrónico (non ordenadores); construción vehículos automóbiles e as súas pezas de reposto; construción naval reparación e mantemento buques; construción de outro material de transporte; fabricación inst. Precisión óptica e sim.

- 4: Industrias produtos alimenticios, bebidas, tabaco; Industrias do azucre; industria téxtil; industria do coiro; industria calzado, vestido, outras confeccións téxtiles; industria madeira, cortiza e mobles de madeira; industria papel e fabricación de artigos de papel e fábricas, edición; industria transformadoras de caucho e materias plásticas; outras industrias manufactureiras.

- 5: Construción.

- 6: Comercio, restauración e hostelería, reparacións, comercio ó por maior;

CADRO 4.0.1.

Traballadores en alta laboral no réxime xeral da Seguridade Social a 31-12-1998: distribución segundo actividade económica

CNAE	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
0	2.193	540	840	827	4.400
1	3.936	283	706	819	5.744
2	5.135	4.347	3.713	8.016	21.211
3	17.947	2.763	3.220	26.302	50.232
4	24.957	4.590	6.086	19.777	55.410
5	27.668	7.953	8.473	22.855	66.949
6	52.428	12.713	11.772	41.893	118.806
7	10.836	3.062	3.027	10.243	27.168
8	21.151	4.593	4.602	15.521	45.867
9	64.677	18.241	17.099	46.112	146.129
Non tipificadas	968	1.313	104	691	3.076
Total	231.896	60.398	59.642	193.056	544.992

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

CADRO 4.0.2.

Empresas e traballadores en alta no rexime xeral da Seguridade Social 1997-98 ⁽¹⁾: distribución segundo actividade económica

Código CNAE	Empresas		Traballadores	
	1997	1998	1997	1998
0	711	958	2.807	4.400
1	142	149	6.202	5.744
2	2.007	2.060	20.574	21.211
3	3.858	3.905	47.738	50.232
4	6.523	6.990	51.029	55.410
5	12.042	13.169	58.324	66.949
6	31.122	33.486	109.066	118.806
7	4.525	4.754	26.223	27.168
8	5.963	6.480	39.147	45.867
9	12.984	13.593	134.446	146.129
Non tipificadas	2.133	318	8.174	3.076
Total	82.010	85.862	503.730	544.992

(1) a 31 de decembro de cada ano

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

recuperación de produtos; intermediarios de comercio; comercio polo miúdo; restaurantes e cafés; hostelería; reparacións.

• 7: Transportes e comunicacións; transportes por ferrocarril; outros transportes terrestres; transporte marítimo e por vías de navegación inter.; transporte aéreo; actividades anexas ós transportes; comunicacións.

• 8: Inst. financeiras, seguros, servizos prestados a empresas, alg.; institucións financeiras; seguros; aux. financeiro e de seguros actividade inmobiliaria; servizos prestados ás empresas; aluguer de

bens mobles; aluguer de bens inmobles.

• 9: Administración pública, defensa nacional e seguridade social; servizos saneamento vía pública, limpeza e similares; educación e investigación; sanidade e servizos; asistencia social; e prestados a colectivos; servizos recreativos e culturais; servizos culturais; servizos persoais; servizos domésticos; outros servizos.

O **cadro 4.0.1.** recolle o número de traballadores en alta laboral na Seguridade Social no réxime xeral por actividade económica e a súa distribución provincial.

CADRO 4.0.3.

Empresas galegas en alta no rexime xeral da Seguridade Social 1997-98 (1): distribución segundo número de traballadores e actividade económica

	1 traball.		2-5 traball.		6-50 traball.		51-100 traball.		101-500 traball.		+500 traball.		Total
	1997	1998	1997	1998	1997	1998	1997	1998	1997	1998	1997	1998	
0 Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca	454	573	204	263	82	113	3	3	3	6	-	746	958
1 Enerxía e auga	39	39	47	45	43	51	2	3	8	8	3	142	149
2 Extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos derivados da industria química	657	655	711	757	573	578	41	44	24	25	1	2.007	2.060
3 Industrias transformadoras de metal.	1.465	1.429	1.322	1.320	997	1.034	63	73	42	45	4	3.893	3.905
4 Mecánica de precisión	2.565	2.594	2.429	2.490	1.669	1.749	87	89	70	67	1	6.820	6.990
5 Outras industrias manufacturais	5.012	5.334	4.463	4.853	2.473	2.871	68	85	26	26	-	12.042	13.169
6 Construción	17.200	17.450	11.442	12.047	3.596	3.852	67	72	50	60	5	32.360	33.486
7 Comercio, restaurantes e hostelería.	2.179	2.265	1.500	1.600	791	842	23	24	20	21	2	4.515	4.754
8 Reparacións	2.929	3.101	2.204	2.352	830	893	63	68	44	59	8	6.078	6.480
9 Institucións financeiras, seguros, servizos prestados a empresas e outros servizos	6.427	6.499	4.023	4.151	2.315	2.500	173	218	187	191	30	13.155	13.593
0 Non tipificadas	144	151	90	93	53	69	1	3	3	2	1	292	318
Total	39.071	40.090	28.435	29.971	13.422	14.552	591	682	477	510	54	82.050	85.862

(1) a 31 de decembro de cada ano

Fonte: Tesorería Xeral da Seguridade Social

CADRO 4.0.4.

Poboación ocupada 1997-98: distribución por ramas de actividade

(en miles de persoas)

	1997	1998	I	II	III	IV
Agricultura, gandería caza e silvicultura	168,3	152,7	155,8	155,1	150,5	149,2
Pesca e piscicultura	28,3	29,1	30,6	28,1	28,7	28,9
Industrias extractivas	8,1	7,1	8,1	7,0	7,3	6,0
Prod., transp. e distrib. de electric., gas e auga	5,9	5,6	5,9	5,3	5,5	5,7
Coquerías, fabric. de prod. químicos e prod. metais	15,7	14,6	14,1	14,2	14,2	15,9
Fabricación de produtos metálicos. Construcción de máquinas e material mecánico	14,1	15,3	13,1	15,2	17,1	15,9
Fabricación de material de transporte	27,3	31,6	29,8	31,4	30,6	34,5
Industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	27,2	30,2	28,6	30,4	32,7	29,0
Industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións textís	23,4	22,1	22,8	21,9	22,1	21,7
Industrias da madeira e cortiza	12,8	15,4	13,6	14,0	14,9	18,9
Industrias do papel, artes gráficas e edición e reprodución de soportes gravados	4,0	4,2	4,5	4,3	3,4	4,4
Outras industrias manufactureiras	13,5	16,5	15,1	16,1	19,1	15,5
Construcción	98,6	98,1	94,9	98,4	100,7	98,5
Comercio por xunto e polo miúdo	109,9	111,4	110,2	109,9	111,4	114,2
Venda, mantem. e reparac. de vehículos de motor. Gasolineras	24,1	25,4	26,1	25,5	25,9	24,2
Hoteis, restaurantes e bares	42,8	47,3	46,6	48,4	47,3	47,0
Transportes e activ. anexas. Comunicacions	47,4	46,0	47,6	46,0	44,9	45,3
Institucións financeiras e de seguros	17,2	18,4	17,9	18,1	17,4	20,1
Educación	46,0	50,2	50,0	50,2	51,3	49,4
Sanidade	39,6	40,9	39,5	40,6	41,2	42,3
Admons. públicas, defensa e seguridade social	45,6	48,8	47,4	48,7	48,1	50,8
Outros servizos	82,7	87,2	86,9	89,5	85,2	87,0
Total	902,4	917,8	909,1	918,4	919,5	924,4

Fonte: IGE

Dos 544.992 traballadores en alta, cifra un 8,19% superior á do ano anterior, o 48,61% está encadrado nos grupos seis e nove.

Tal e como reflicte o **cadro 4.0.2.**, en 1998, segundo os datos da Tesorería General de la Seguridad Social, o número de empresas aumentou un 4,7% respecto ó ano anterior para situarse nas 85.862. O número medio de traballadores por empresa foi de 6,35.

En canto á relación existente entre o número de empresas segundo a actividade económica e o número de traballadores, o **cadro 4.0.3.** reflicte que a meirande parte das empresas están compostas por un só traballador (46,7%) en tanto que só un 1,5% das empresas ten 51 ou máis traballadores.

No que atinxe á distribución da poboación ocupada por ramas de activida-

de, o **cadro 4.0.4.** reflicte que despois da agricultura, gandería, caza e silvicultura (152,7 miles de ocupados), o comercio por xunto e polo miúdo é o que máis traballadores acolle, con 111,4 miles de persoas, seguido da construcción, con 98,1 miles de persoas e doutros servizos, principalmente servizos a empresas, con 87,2 miles de persoas.

Comparado co ano anterior, hai sete ramas de actividade que experimentan un descenso de ocupación (“agricultura, gandería, caza e silvicultura”, “industrias extractivas”, “producción, transportes e distribución de electricidade, gas e auga”, “coquerías, fabricación de produtos químicos e prod. metais”, “industria téxtil, coiro, calzado e confeccións”, “construcción” e “transportes e actividades anexas. Comunicacions”). A agricultura, que experimenta un descenso de 15,6 miles de persoas (un 9,3%) e a rama de “transportes e actividades anexas; comunicacions”,

con 1,4 miles de ocupados menos (2,9%), son as dúas ramas con maior descenso.

Pola contra, son as actividades de “hoteis, restaurantes e bares” e “outros servizos”, cun incremento de 4,5 miles de persoas, e “fabricación de materiais de transporte” e “educación” con 4,3 e 4,2 miles de persoas máis, respectivamente, as ramas cun maior crecemento.

Datos empresariais

A análise dos datos empresariais realízase a partir dos datos das empresas seleccionadas por Ardán en función dos seguintes criterios: empresas que dispoñen de datos durante dous anos consecutivos, que teñen o seu domicilio social en Galicia –o que implica deixar fóra algunha firma importante, polo que as cifras poden presentar algunha distorsión– e que facturan máis de 40 millóns de pesetas. Segundo este criterio de selección de empresas da base Ardán, o seu número ascendía a 11.130, fronte ás 9.865 empresas do ano anterior.

Comparando estes datos cos facilitados polo Dirce, a mostra de Ardán acolle ó 30,2% do total de empresas mercantís galegas e emprega ó redor do 25,5% dos traballadores de Galicia.

Atendendo á desagregación sectorial, do total de empresas seleccionadas, o **cadro 4.0.5.** amosa a importancia do sector industrial en Galicia, xa que acolle o maior número de empresas, 3.021 empresas, e presenta o 43,25% do total dos ingresos de explotación das empresas da selección e o 39,47% do VEB total das mesmas. Asemade, estas empresas presentan o maior emprego medio, con 28 traballadores por empresa, calculado segundo os datos presentados polas propias empresas.

O devandito cadro reflicte tamén o importante papel das empresas do sector primario e industrias relacionadas, que xeran o 29,38% dos ingresos de explotación e o 21,22% do VEB do total de empresas consideradas, cunha ocupación media de 20 traballadores por empresa.

Atendendo á distribución xeográfica das empresas, o **cadro 4.0.6.** amosa unha forte concentración da actividade nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Así, os 6 principais núcleos de localización das empresas, segundo a súa xeración de valor engadido, corresponden a estas dúas provincias e aportan o 57,7% do total do VEB a custo de factores.

O principal núcleo de localización segue sendo Vigo, que xera un total de 214,2 miles de millóns de pesetas en 1997, un 14,5% máis que en 1996, o que supón o 22,6% do total xerado en Galicia no ano 1997.

Respecto á evolución da actividade, o **cadro 4.0.7.** reflicte que 1997 foi un ano especialmente bo para as empresas galegas seleccionadas. Prodúcese un significativo aumento do resultado económico neto de explotación, por mor do maior crecemento dos ingresos de explotación que dos gastos, e un crecemento do beneficio ou do resultado neto do exercicio nun 32,3%. Asemade, prodúcese un aumento do VEB a custo de factores e do *cash-flow* en relación ós ingresos de explotación.

No concernente á evolución do investimento e o financiamento das empresas consideradas polo Ardán, **cadro 4.0.8.**, salienta o equilibrio patrimonial das empresas galegas. O activo total, que ascendeu a 3.505 miles de millóns de pesetas, foi financiado nun 47,39% a través de acredores a curto prazo, e co

CADRO 4.0.5.

Sectores productivos galegos 1997

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Industria	3.021	2.057.453,02	373.980,20	109.102,82	1.270.795,54	28
Energía	121	69.925,32	24.518,74	9.136,09	99.810,00	20
Bens intermedios	692	347.586,25	81.095,75	25.637,35	257.271,27	24
Bens de equipamento	1.326	1.108.849,73	169.595,35	38.467,91	568.850,09	29
Bens de consumo	882	531.091,72	98.770,36	35.861,47	344.864,18	29
Construcción	2.821	691.176,66	174.430,15	35.158,80	712.124,95	17
Servicios	2.352	521.297,50	171.409,14	39.682,70	570.778,87	19
Servicios empresariais	397	70.036,72	33.064,20	5.298,22	78.005,95	29
Turismo e ocio	554	103.239,61	36.196,45	10.908,30	87.933,24	15
Transportes	1.019	245.031,24	63.128,01	16.830,57	328.999,90	15
Comunicacións	281	75.481,22	24.396,69	4.027,47	52.787,00	19
Outros servicios	101	27.508,71	14.623,80	2.618,15	23.052,80	36
Sector primario	2.452	1.397.810,33	201.010,94	60.796,13	796.082,09	20
Resto de empresas sen agrupar	484	89.165,10	26.575,28	11.414,52	155.195,38	16
Total	11.130	4.756.902,61	947.405,71	256.154,97	3.504.976,84	21

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.6.

Núcleos de localización empresarial máis importantes pola súa xeración do VEB 1996-97

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
Vigo	187.039,91	214.192,22	14,52
A Coruña	134.981,75	150.818,43	11,73
Arteixo	61.519,52	68.207,36	10,87
Santiago	43.859,95	50.719,40	15,64
Pontevedra	32.072,69	34.563,86	7,77
O Porriño	23.331,96	28.250,04	21,08
Lugo	25.235,79	28.145,90	11,53
Ourense	23.478,40	25.238,89	7,50

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.7.

Evolución da actividade empresarial 1996-97: ingresos, custos e resultados

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	4.193.866,71	100,00	4.756.902,61	100,00	13,43
Consumo e outros gastos de explotación	3.360.650,56	80,13	3.809.496,91	80,08	13,36
Valor engadido bruto a custo dos factores	833.216,15	19,87	947.405,71	19,92	13,70
Gastos de persoal	564.570,85	13,46	620.514,21	13,04	9,91
Resultado económico bruto da explotación	268.645,30	6,41	326.891,50	6,87	21,68
Amortizacións	101.727,37	2,43	124.415,49	2,62	22,30
Resultado económico neto da explotación	166.917,93	3,98	202.476,01	4,26	21,30
Carga financeira	41.811,73	1,00	34.757,89	0,73	-16,87
Resultado de actividades ordinarias	125.106,20	2,98	167.718,11	3,53	34,06
Resultado de actividades extraordinarias	5.624,65	0,13	17.890,33	0,38	218,07
Resultado antes de impostos	130.730,85	3,12	185.608,45	3,90	41,98
Impostos	31.145,76	0,74	53.868,97	1,13	72,96
Resultado neto do exercicio	99.585,10	2,37	131.739,48	2,77	32,29
Cash-flow	201.312,47	4,80	256.154,97	5,38	27,24

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.8.

Evolución do investimento e do financiamento na empresa galega 1996-97

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	3.168.801,70	100,00	3.504.976,84	100,00	10,61
Activo fixo (neto)	1.356.580,73	42,81	1.475.535,01	42,10	8,77
Gastos amortizables	24.124,60	0,76	19.516,94	0,56	-19,10
Inmovilizado inmaterial	81.150,13	2,56	97.887,62	2,79	20,63
Inmovilizado material	963.832,42	30,42	1.032.273,33	29,45	7,10
Outro inmovilizado	283.162,38	8,94	321.684,18	9,18	13,60
Outro activo fixo	4.311,19	0,14	4.172,94	0,12	-3,21
Circulante neto	1.812.220,97	57,19	2.029.441,83	57,90	11,99
Existencias	634.303,29	20,02	697.675,77	19,91	9,99
Debedores	895.537,86	28,26	995.406,51	28,40	11,15
Tesourería	127.232,87	4,02	152.334,99	4,35	19,73
Outro activo circulante	155.146,95	4,90	184.024,55	5,25	18,61
Fontes de financiamento	3.168.801,70	100,00	3.504.976,84	100,00	10,61
Financiamento permanente	1.668.156,84	52,64	1.843.896,86	52,61	10,53
Fondos propios	1.086.878,41	34,30	1.213.326,13	34,62	11,63
Recursos alleos l/p	523.922,56	16,53	569.967,67	16,26	8,79
Ingresos distribuídos en varios exercicios	57.355,87	1,81	60.603,06	1,73	5,66
Acreedores a curto prazo	1.500.644,86	47,36	1.661.079,97	47,39	10,69
Fondo de rotación	311.576,11	9,83	368.361,86	10,51	18,23

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.9.

Empresa galega 1996-97: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos	V.E.B.c.f. / ingresos	Gastos persoal / ingresos	Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos	Carga financeira / ingresos	Cash-flow / ingresos
1996	8,45%	25,06%	17,25%	3,30%	1,37%	2,86%
1997	10,30%	24,44%	16,55%	3,38%	1,15%	3,16%

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.10.

Empresa galega 1996-97: rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica	Marxe	Rotación de activos	Rendibilidade financeira antes de impostos	Coste neto da débeda	Coficiente de endebedamento
1996	6,76%	3,57%	1,82	13,40%	3,78%	2,49
1997	6,96%	3,66%	1,88	15,23%	3,37%	2,46

Fonte: Ardán

CADRO 4.0.11.

Comercio exterior 1998: distribución segundo sectores

(en millóns de pesetas)

	Importacións				Exportacións				Saldo comercial		
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	Total
Enerxéticos	88.760	4.189	402	1.375	94.726	22.053	3	186	688	22.941	-71.785
Non enerxéticos	224.032	38.100	22.496	642.968	927.595	198.085	41.147	48.791	571.067	859.090	-68.505
Sector primario	101.670	18.907	3.821	187.088	311.486	67.525	12.683	12.948	135.200	228.357	-83.129
Produtos agrícolas	78.001	4.027	2.804	160.773	245.605	48.500	9.037	8.475	108.337	174.389	-71.216
Materias primas	23.669	14.880	1.017	26.315	65.881	19.025	3.646	4.474	26.823	53.968	-11.913
Semimanufacturas	37.236	12.049	5.181	56.779	111.245	32.599	26.799	25.863	35.609	120.870	9.625
Industria química	12.667	3.190	2.401	32.997	51.254	12.282	8.495	1.203	15.488	37.468	-13.786
Metales	22.923	8.508	2.062	21.128	54.622	18.239	12.001	874	10.023	41.138	-13.484
Outras semimanufacturas	1.646	351	718	2.654	5.369	2.078	6.303	23.785	10.098	42.264	36.895
Manufacturas	85.126	7.143	13.494	399.102	504.865	97.960	1.664	9.980	400.257	509.862	4.997
Bens de equipo	26.707	6.161	7.156	379.753	419.778	25.115	947	6.781	383.001	415.844	-3.934
Máquinaria	23.540	4.840	5.387	85.282	119.048	11.270	642	3.308	14.944	30.164	-88.884
Materiais de transporte	3.167	1.322	1.769	294.471	300.729	13.845	305	3.473	368.057	385.681	84.952
Bens de consumo	58.419	982	6.338	19.348	85.087	72.845	717	3.199	17.257	94.018	8.931
Peletería	3.195	7	135	1.276	4.613	4.298	47	484	534	5363	750
Textiles	50.535	581	5.132	10.108	66.356	60.109	237	2.108	4.537	66.992	636
Outros bens de consumo	4.689	394	1.071	7.964	14.118	8.439	432	607	12.186	21.663	7.545
Total	312.792	42.288	22.897	644.343	1.022.321	220.138	41.150	48.977	571.765	882.030	-140.291

Fonte: ICEX

financiamento permanente o 52,61% restante. Dentro deste financiamento permanente, salienta o peso dos fondos propios, que representan o 34,62% dos recursos totais. O fondo de rotación é un 18,23% superior ó do ano anterior.

Na análise económica-financeira, no período 1996-97 se produce unha aceleración no crecemento dos ingresos e unha lixeira redución do valor engadido bruto en relación ós ingresos, permanecendo practicamente constante o peso relativo do resultado neto de explotación.

Esta análise complementábase coa información reflectida no **cadro 4.0.10.**, onde se amosa un incremento da rendibilidade económica e da financeira. A primeira aumenta por mor da evolución positiva da marxe e da rotación de activos, e a rendibilidade financeira o fai favorecida pola mellora da primeira e pola redución do custo da débeda. Finalmente, o nivel de endebedamento permanece practicamente estable.

(83.129 millóns de pesetas), situación que se produce tanto no caso da agroindustria como no caso das materias primas. Atendendo á situación provincial, no **cadro 4.0.11.** apréciase que a provincia de Ourense presenta un volume de exportacións superior ó das importacións nos dous grupos considerados, en tanto que Lugo, a pesares do déficit da súa balanza comercial agraria, presenta un superávit no caso da agroindustria.

A balanza comercial dos bens de equipamento presenta un déficit de 3.943 millóns de pesetas. O superávit producido no caso do sector exterior de materiais de transporte compensa o déficit comercial da balanza de maquinaria. Como se pode observar, a provincia de Pontevedra abrangue case que todo o comercio de bens de equipamento, concentrando o 97,9% das importacións e o 95,4% das exportacións de materiais de transporte. ■

Balanza comercial

O **cadro 4.0.11.** presenta un resumo da situación comercial dos grandes sectores productivos da economía galega e a súa distribución provincial. Como se pode observar, a balanza comercial dos bens de consumo é superavitaria en 1998, producíndose o devandito superávit nos seus tres compoñentes, peletería, téxtil e “outros”. Desagregando esta situación por provincias, Pontevedra, Ourense e Lugo presenta un déficit que é compensado polo superávit coruñés, que está baseado, fundamentalmente, no comportamento do sector téxtil.

A balanza comercial correspondente ó sector primario é fortemente deficitaria

